


## AFILIACIÓN

1. O xogador/ staff para inscribirse no **Isquad** ten que subir foto (de perfil e clara, non vale un recorte do DNI) e DNI por ambos lados. No caso dos menores deberán subir a autorización que descargan na propia páxina, e DNI do titor legal (debe coincidir a identificación coa autorización). É moi importante que se comprobe que a dirección de correo electrónico estea correctamente escrita.
2. Rematada a afiliación, a persoa recibirá un correo electrónico (mirar spam) o cal deberá aceptar para activar a afiliación. Se non recibe o correo pode deberse a que á hora de afiliarse puido introducir mal a dirección ou porque lle chegou á bandexa de Correo Electrónico Non Desexado.
3. No seguinte paso, a Federación revisará os datos da afiliación e que a documentación estea correcta e procederá á súa validación/aceptación.
4. Unha vez validada pola Federación, o club poderá fichar ao xogador/ staff. Realizada a fichaxe, o xogador/ staff recibirá un email (ver spam) onde se lle pedirá a aceptación da fichaxe. Isto é necesario para evitar que os clubs fichen xogadores/ staffs sen o consentimento dos mesmos.



5. Aceptada a fichaxe do xogador, o club deberá subir o certificado médico e a autorización para xogar en categoría superior (se fose o caso). Nas categorías sénior e xuvenil deberán solicitar o seguro e realizar o pago do mesmo unha vez recibida a factura. As facturas serán emitidas a partir das 0:00 horas do día no que fai a solicitude (Ex: solicito o luns pola tarde, a factura emítese a media noite).

A factura recíbese no correo electrónico do club e ademais pódese descargar da área privada de cada club. Nas categorías cubertas polo XOGADE non se xeran facturas xa que o seguro está custeado pola Secretaría Xeral Para ou Deporte da Xunta de Galicia.

O pago realízase soamente polo importe dos seguros solicitados, conforme ao importe exacto da/ s factura/s.

6. Aceptada a fichaxe do staff (adestrador, axudante, oficial...), estes deberán subir na súa área privada do **Misquad** o certificado de delitos sexuais e o título de adestrador da categoría que sexa.

**AUTORIZACIÓN PATERNA PARA JUGAR EN CATEGORÍA SUPERIOR**  
(Jugadores/as menores de 18 años)*Datos del Padre/Madre/Tutor-a*D./D<sup>a</sup>   
DNI *Datos del Jugador/a*Jugador/a   
DNI/NIE/PASAPORTE   
Fecha de Nacimiento   
Club   
Categoría 

7. Finalmente, pagado o seguro e subida toda a documentación necesaria, a Federación procederá a validar as licenzas. Unha vez estean realizadas as validacións, os xogadores/staff aparecerán no tríptico segundo a categoría correspondente.

**CUPO ADICIONAL:**

A tramitación das licenzas da cota adicional realizarase da seguinte forma:

1. Deberán tramitar a licenza principal (da súa categoría).
2. Validada pola Federación, poderase tramitar as licenzas do cota adicional.

**FICHAXES SOLTAS:**

Cando os clubs teñan tramitado o equipo e queiran fichar un xogador a maiores porque non teñen o cota máxima cuberta, deberán realizar os mesmos pasos detallados anteriormente e a maiores enviar un correo á Federación ([licenzas@fgbalonman.com](mailto:licenzas@fgbalonman.com)) comunicando a nova fichaxe.